

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PONTEVEDRA, PROVINCIA +INCLUSIVA”
PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE
LUCRO SITUADAS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE
UNIVERSAL, A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E A ADQUISICIÓN DE AXUDAS
TÉCNICAS**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos fomentar as políticas de inclusión e benestar social mediante a modernización e o reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrado na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado nos dereitos sociais para garantir a igualdade no acceso a todo tipo de servizos para todas as persoas, asegurando a accesibilidade universal, entendida como un dereito instrumental.

Constituída a nova Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove esta nova liña de actuación subvencional destinada a financiar a concesión de axudas para promover a accesibilidade universal, eliminar barreiras e adquirir axudas técnicas.

Precisamente, o obxectivo final desta nova convocatoria é promover a accesibilidade universal en todos os ámbitos onde existen barreiras que impiden a participación plena de todas as persoas en igualdade de condicións. Para iso, cómpre mellorar a accesibilidade desde unha perspectiva integral, que debe implicar, sen dúbida, o tecido asociativo como ámbito subxectivo necesario para acadar a inclusión, que, no caso das persoas con discapacidade, maiores e en situación de dependencia, é participar plenamente na corrente xeral da vida social.

Con esta convocatoria a Deputación de Pontevedra busca promover condicións de seguridade e autonomía para as persoas usuarias das entidades solicitantes, como elemento primordial para desenvolver as actividades da vida cotiá, sen restricións derivadas do ámbito físico, arquitectónico e de comunicación, dándolles a oportunidade de ter unha participación activa e de uso e gozo dos diferentes espazos e recursos.

O procedemento de concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència non competitiva, dado que, debido ao obxecto, á finalidade e á natureza das entidades beneficiarias, é interese da propia convocatoria atender todas as solicitudes que reúnan os requisitos exixidos. A contía individual da subvención fíxase a través dun rateo proporcional do orzamento dispoñible, respectando os principios de publicidade, transparencia,

obxectividade, igualdade e non discriminación, aos cales se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

Desde o punto de vista competencial, o marco legal vixente en materia de discapacidade e inclusión social ofrece unha ampla base xurídica para o desenvolvemento destas actuacións.

En primeiro lugar, ao abeiro do R. d. l. 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto de cidadás e cidadáns, a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión na comunidade e da vida independente. Esta lei réxese polos principios de accesibilidade universal, de respecto da dignidade inherente, da autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e da independencia das persoas. Ademais, no seu artigo 22 recoñécese expresamente o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida, para o que os poderes públicos han de adoptar as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal en igualdade de condicións coas demais persoas en calquera contorna. Sobre a base deste dereito reguláronse unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para utilizar as edificacións, esixibles nuns prazos e termos determinados. Tamén se establecen unha serie de medidas públicas de accesibilidade no seu artigo 39, de modo que as administracións públicas han de fomentar a adaptación dos inmobles de titularidade privada mediante o establecemento de axudas, exencións e subvencións.

Neste sentido, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social ás persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

Nesta liña, esta nova convocatoria de subvencións está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece como unha das competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recóllese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que, baixo

este concepto, lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo todo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no R. d. 887/20226, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como o establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, a citada institución provincial promove esta convocatoria de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria de subvencións de axudas para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas destinadas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra que se atopen inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia e que sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade.

Segunda. Réxime xurídico

A xestión desta convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

As entidades sen fins de lucro estarán obrigadas a cumprir o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, á hora de contratar a realización de obras, a adquisición de bens inventariables, así como a normativa sectorial que resulte de aplicación en materia de permisos, licenzas ou calquera outro asunto relacionado co obxecto da subvención con especial atención á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Terceira. Contía das axudas

A dotación destinada a esta convocatoria é de cento oitenta mil (180.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.789.00.

A repartición das axudas farase polo sistema de rateo entre todas as solicitudes que reúnan os requisitos desta convocatoria cos condicionantes que se recollen a continuación.

O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros. En caso de que o importe solicitado supere os devanditos limiares, non se terá en conta o exceso.

De existir remanente, este será redistribuído e pasará a incrementar a consignación establecida entre todas as entidades interesadas propostas, respectando os criterios previstos no parágrafo precedente.

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Serán destinatarias destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que se atopen inscritas no RUEPSS da Xunta de Galicia como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade, e que teñan o seu domicilio social nalgún concello de ata 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

As entidades de iniciativa social deben estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base novena.

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

Serán subvencionables os gastos ou custos relacionados a continuación en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Gastos subvencionables:

- Gastos derivados das obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles nas instalacións das entidades solicitantes.
- Os custos de redacción da memoria do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra de reforma ou acondicionamento.
- Gastos para adquirir sistemas inclusivos de comunicación, informáticos, audiovisuais, dispositivos braille, sintetizadores de voz, dispositivos de alarma mediante sinais luminosos ou acústicos ou mediante vibracións etc.
- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiéscaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables anteriormente descritos.

Non serán subvencionables os gastos correntes de mantemento do local, tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calquera outro de similar natureza.

Sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a:

- Executar as obras, adquirir os equipamentos ou realizar a actividade ou comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control e facilitar toda a información requirida polos órganos competentes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.
- Difundir o cofinanciamento por parte da Deputación de Pontevedra nos actos, documentación, publicacións por calquera medio, cartelería ou placas de inauguración que

se realicen con motivo da actuación subvencionada, inserindo nun lugar visible o logo desta institución coa lenda: "Proxecto subvencionado pola Deputación de Pontevedra".

- Os bens inmoables sobre os que recae a subvención deberán destinarse ao fin para o cal se concedeu a axuda durante un período mínimo de cinco anos. O resto dos bens de equipamento subvencionados deberán destinarse ao fin subvencionado durante un período mínimo de dous anos.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de **dous (2) meses**, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF da entidade xurídica solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio social da entidade solicitante.
- Inscripción no RUEPSS da Xunta de Galicia como titulares ou xestores de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que as entidades beneficiarias se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Décima. Documentación complementaria

A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF e co nome de cada un deles:

- Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.
- No suposto de obras de mellora da accesibilidade: proxecto técnico, documento técnico ou, no seu caso, memoria descritiva da actuación que se pretende desenvolver. Detallaranse polo miúdo as obras proxectadas, a situación xurídica das instalacións (en propiedade, alugueiro, cesión ou outros), os motivos e finalidades que xustifiquen a súa realización, así como o orzamento detallado e totalizado (coas cantidades, cos prezos unitarios e co IVE) do investimento. Ademais, sempre que sexa posible, incluíranse fotografías que permitan unha mellor identificación das actuacións que se van executar.

Por outra parte, deberán constar expresamente na súa memoria o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade que resulte de aplicación (Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade; Documento básico de seguridade de utilización e accesibilidade, DB-SUA, do Código técnico da edificación; Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Código de accesibilidade; Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados). Tamén deberán achegar os permisos, licenzas ou calquera outro asunto preceptivo relacionado co obxecto da subvención.

- Memoria descritiva das adquisicións de axudas técnicas na que se fundamente o obxecto, a necesidade e as características do investimento, así como o seu alcance. Detallaranse polo miúdo as actuacións propostas, a situación xurídica das instalacións (en propiedade, alugueiro, cesión ou outros) e os motivos e finalidades que xustifiquen a súa realización, e, sempre que sexa posible, incluíranse fotografías que permitan unha mellor identificación da intervención que se vai executar.

- Documento que acredite o dereito de uso por calquera outro título válido en dereito, de acordo co establecido na base quinta.
- Orzamento ou orzamentos realizados por empresas provedoras onde se detalle o custo de equipamentos para os cales se solicita a subvención.
- Cando o importe dun proxecto de investimento subvencionable sexa igual ou superior a seis mil (6.000) euros, deberanse achegar tres orzamentos de diferentes empresas, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado número suficiente de entidades que subministren ou presten os investimentos proxectados, ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da subvención. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.
- Escritura de constitución da asociación ou entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da xunta directiva.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos estarán dispoñibles na seguinte ligazón: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que no prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución que deberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

Décimo segunda. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://dehu.redsara.es>

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e considerarse rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Órganos competentes, instrución e resolución

12.1. Órganos competentes

a) Órgano instructor: o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións será o Servizo de Benestar Social.

En particular, o órgano instructor recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos formais. Encargarase de elevar as propostas de resolución, provisionais e definitivas, de analizar as alegacións e os documentos presentados, e de realizar cantas outras funcións adicionais se lle asignen.

b) Órgano que resolve: correspóndelle a súa resolución á Xunta de Goberno. O acordo poralle fin ao procedemento administrativo.

12.2. Instrución e resolución

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, así como asistir a outros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da institución provincial, e elaborará un informe proposta no que se concrete o resultado da devandita análise.

Avaliadas as solicitudes, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se indicará a aceptación ou o rexeitamento do proxecto obxecto de subvención, con atención aos requisitos e aos gastos subvencionables, a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención, a contía desta e os motivos de desestimación.

Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidencia:
 - A xefa do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue
- Vogalía:
 - A xefa do Servizo de Arquitectura ou persoa en quen delegue
 - Unha arquitecta ou arquitecto técnico do Servizo de Arquitectura
- Secretaría:
 - Unha traballadora social do Servizo de Benestar Social

Recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional , a cal se lles notificará ás entidades solicitantes . As entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para formular alegacións. Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia e, no seu caso, reformular as solicitudes. De non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias, alegacións ou reformulacións, realizarase unha proposta de resolución definitiva. A resolución de outorgamento da subvención comprenderá como mínimo a identificación da entidade beneficiaria, o orzamento subvencionable, a contía da subvención e as obrigas que lle corresponden como beneficiaria e o prazo de execución.

A Xunta de Goberno, logo do informe de Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións, indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos e motivará a aceptación ou o rexeitamento das posibles alegacións recibidas. A resolución incluirá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de concesión no BOPPO.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

O prazo máximo de resolución do procedemento é de seis (6) meses.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Décimo cuarta. Pagamento e xustificación

A subvención aboaráselles directamente ás entidades solicitantes logo da súa aprobación por parte do órgano competente, coa xustificación previa, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A xustificación realizarase mediante:

1. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Os investimentos incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e desagregadas en prezos unitarios.
2. Conta xustificativa de gastos, atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.
3. Memoria xustificativa do investimento realizado na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución e os recursos financeiros aplicados, e na que se indicará que se cumpriron os obxectivos propostos.

Destacarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran en poder da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible na ficha do procedemento na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra).

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderá utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non

subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

En caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e recibido, procederase ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas, de conformidade co establecido no artigo 89 do RLXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025.

Décimo quinta. Compatibilidade das axudas e obrigas das entidades beneficiarias

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo do obxecto da subvención. En caso de superar este límite, deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

De conformidade co previsto nestas bases e segundo o establecido no artigo 1 da LSG, as entidades están obrigadas a:

- Destinar o importe das subvencións ao cumprimento da finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.
- Destinar os bens inmobles ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de 5 anos. O resto de bens de equipamento subvencionados deberán destinarse para o fin para o que se concede a subvención durante un período mínimo de dous anos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial, segundo o establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte desta institución das actuacións subvencionadas; para estes efectos, acreditar a publicidade indicando as accións de comunicación realizadas, as fotografías e demais documentación que consideren necesaria.

- En caso de obras, colocar nun lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial.

Respecto á imaxe institucional, no enderezo <https://www.depo.gal/identidade-corporativa> atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á perda da subvención.

Décimo sexta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.